

RÚBRICAS PREGUNTAS DE HISTORIA DE ESPAÑA

PREGUNTA 1: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN. 2'5 P.

Aclaracións:

.Os erros non serán sobre detalles: nomes, datas...

.Poden ser anacronismos: Persoas dun século con feitos doutro e viceversa:

“A formación da Gran Armada contra Inglaterra foi consecuencia da política de reputación impulsada polo Conde Duque de Olivares” ou “Un dos principais conflitos aos que debeu facer fronte Filipe II foi a rebelión de Portugal”.

.Os erros non deben subliñarse no texto do exame

.A rectificación do erro: só debe rectificarse a frase ou idea que está mal

.Contestar diferenciando:

1º erro: Identificación, Argumentación e rectificación

2º erro: identificación, argumentación e rectificación

Avaliación:

Identificación.....0'5 pts (ata 0'25 cada 1)

Explicación ou argumentación.....1'5 pts (ata 0'75 cada 1)

Rectificación.....0'5 pts (ata 0'25 cada 1)

A identificación e a rectificación deben ser correctas.

A explicación debe amosar coñecementos e ser correcta Para a súa puntuación máxima debe conter precisións e aclaracións.

Ata 0'5 pts Identificar 2 erros	.Identificación correcta dun erro.....ata 0'25 pts . Identificación correcta de 2 erros.....ata 0'25 pts
Ata 1'5 pts Explicar erros detectados	.Explicación correcta dun erro cunha resposta que demostre coñecementos.....ata 0'75 pts . Explicación...2 erros con precisións e aclaracións.....ata 1'5 pts
Ata 0'5 pts Rectificación erros. Redacción correcta	. Redacción correcta de 1 erro con vocabulario axeitado... ata 0'25 pts . Redacción correcta do 2º erro cun vocabulario axeitado.. ata 0'25 pto

PREGUNTA 2: ANÁLISE COMPARATIVA.2'5 pts

Aclaracións:

.As comparacións xenéricas serán sobre: etapas, ideoloxías, situacións políticas...

.Comparacións períodos históricos: Sobre períodos consecutivos

.Non se compararán Constitucións nin etapas do reinado de Isabel II

Avaliación:

Aprobado: Semellanzas e diferenzas básicas cunha redacción simple aínda que correcta.

A nota incrementase coa **explicación en profundidade de 1 ou 2 aspectos** e cunha **redacción e argumentación correctas**, así como a utilización dun **vocabulario axeitado**.

0 Moi deficiente	. Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta
0'1-0'5 Deficiente	. Resposta confusa que demostra incompreensión da pregunta . Texto con imprecisións, frases incoherentes, palabras inexistentes
0'6- 1'24 Insuficiente	. Resposta incompleta que amosa falta de coñecementos . Redacción moi simple
1'25- 1'74 Aprobado	. Indícanse as semellanzas e diferenzas básicas . Texto correcto pero simple
1'75-2'24 Notable	. Ademais do incluído no aprobado, explica cn profundidade 1 aspecto . Redacción correcta
2'25-2'5 Sobresaliente	. Ademais do incluído no aprobado, explica en profundidade 2 aspectos . Redacción e argumentación correctas. Vocabulario axeitado

PREGUNTA 3: COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. 2'5 pts

Aclaracións:

- . Non hai que clasificar os documentos
- . Hai que identificar o tema, non o documento
- . As respostas deben centrarse no asunto concreto tratado no texto

Avaliación

1. Identificación do Tema..... ata 0'5 pts
2. Contextualización do documento..... ata 0'5 pts
3. Explicación causal do proceso histórico ou tema... ata 1'5 pts

A identificación do tema debe ser preciso.

No contexto, necesariamente hai que precisar a etapa histórica, a cronoloxía, e ben a autoría ou ben a intencionalidade do documento.

A explicación debe ser causal (causas, proceso, consecuencias) e debe amosar coñecementos sobre o tema ou asunto, así como incluír precisións e aclaracións.

0-0'5 pts Identificación do tema	. Distinción <u>xenérica</u> do asunto tratado.....0'25 pts . Distinción <u>precisa</u> do asunto tratado..... 0'5 pts
0-0'5 pts Contexto do documento	. Situar na súa etapa histórica..... ata 0'2 pts . Etapa histórica + cronoloxía precisa..... ata 0'3 pto . Anterior + autoría ou intencionalidade..... ata 0'5 pto
0-1'5 pts Comentario do Proceso histórico	. Resposta básica..... ata 0'5 pts . Resposta que demostra coñecemento do tema..... ata 1 pto . Ademais con precisións e aclaracións..... ata 1'5 pto

PREGUNTA 4: COMENTARIO TÁBOAS DE DATOS, IMÁXES, GRÁFICOS, MAPAS.....2'5 pts

Avaliación

- 1- Análise dos datos..... Ata 1 pto
- 2- Explicación do contido..... Ata 1'5 pts

Na análise hai que precisar o período cronolóxico, o ámbito xeográfico e a idea principal. Ademais hai que analizar as distintas variables (numérica e proporcionalmente), a relación entre eles e, de ser o caso, a súa evolución. Debe rematarse cunha valoración do aportado polo mapa, gráfica, táboa ou imaxe.

A explicación debe incluír o contexto histórico, Ademais debe ser causal (causas, acontecementos históricos relacionados, consecuencias).

0-1 pts Análise dos datos	. Identificación do período cronoñóxico, ámbito xeográfico e idea principal.....ata 0'25 pts .Identificación da idea principal + análise dos períodos, aspectos ou asuntos que se poden distinguir, a súa relación e evolución...ata 0'5 . Todo o anterior + valoración dos datos.....ata 1 pto
0-1'5 pts Explicación do contido	. Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento.....ata 0'5 pto . Afondar na explicación do tema: causas, obxectivos, acontecementos históricos relacionados directamente e consecuencias..... ata 1 pto

A nota total da proba das PAU pode verse reducida ata un 10% (1 punto) se na redacción se observa falta de coherencia e cohesión, erros gramaticais, léxicos ou ortográficos e pola presentación (falta de marxes, non división en parágrafos...)